Comisión da Transparencia de Galicia

Visto o expediente 204/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública
Expediente: 204/2026
Interesado: - - -- – -- - - --- - - - -- - --- - - - -
Organismo: Concello de Tui

ANTECEDENTES

Único. O 14.4.2026 - - -- – - - - - - --- - - - - - - - --- - - - - interpuxo ante a Comisión da Transparencia de Galicia unha reclamación na que denuncia a defectuosa rehabilitación do antigo Cuartel da Garda Civil, cun grave compromiso para a súa habitabilidade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

A disposición adicional cuarta da LTAIP establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas

Comisión da Transparencia de Galicia

Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión de Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Ademais, a disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, tamén atribúe á Comisión da Transparencia de Galicia a resolución das reclamacións en materia de acceso pública, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de - - — – .

Segundo. Análise do expediente

Do escrito presentado polo señor - - - -— - - - - - - -— - - - - o 14.4.2026 despréndese como este denuncia a deficiente rehabilitación do antigo Cuartel da Garda Civil, ata o punto de comprometer a súa habitabilidade. En particular, indica como no inmoble permanecen "*las 3 cubetas que están en el fallado de amianto … se le acabó su vida útil*" e refire como "*esas viviendas no reunirán el certificado de habitabilidad puesto que el problema está en los puentes térmicos y en las paredes*".

A reclamación presentada ten, polo tanto, o obxectivo de denunciar o estado no que se atopa o inmoble tras a rehabilitación. Polo tanto, a pretensión do interesado non é o acceso a determinada información pública, nin tampouco a anulación dunha resolución do Concello de Tui en materia de acceso á información pública.

E, por este motivo, a Comisión da Transparencia carece de competencia para coñecer da reclamación presentada.

Comisión da Transparencia de Galicia

Con base nos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA

Único. Inadmitir, por mor da falta de competencia desta Comisión, a reclamación presentada o 14.4.2026 por - - -- – -- - - -- - - - -- - -- - - - - .

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

- - - -– - - -- - -- - - - - -- – , na data da sinatura.

- - - -- - -- - - - -- - - --

Presidente da Comisión da Transparencia